

Os nomes das rúas e prazas dunha vila son voces que nos falan do seu pasado dicíndonos onde hai ou houbo un determinado monumento, que se cultivaba nesa zona antes de ser urbanizada ou como se lle chamaba entón, que oficios ou gremios estiveron instalados, quen foron os seus fillos ilustres, con que outras vilas e países creou vencellos de amizade, etc. A través dun breve recorrido polas prazas e rúas de Cangas poderemos aprender cousas de interese.

Un primeiro grupo, maiormente pertencen ao casco vello, leva nomes, máis ou menos antigos, que apuntan ás características deses puntos, xa foran construcións (Subida á Torre do Galo, Rúa do Hospital, Rúa e Praza do Arco) fontes e puntos de auga (Rúa da Fonte do Galo, da Fonte Ferreira, da Fonte Garrida, dos Píos, da Noria), cultivos que existiron (Rúa da Retrama, dos Loureiros, da Palma) ou motivos que as distinguían polo trazado, situación, época ou outras razóns (Rúa Cega, da Mariña, Nova). Algunhas conservan o nome do lugar (Eirado do Señal, do Costal, Rúa do Derribo, Barrio de Outeiro). É curioso toparmos unha relativa abundancia de nomes de astros (Rúa do Sol, da Lúa, da Estrela) ou con eles relacionados (Rúa de Oriente). Outros nomes resultan indescifrables e discutidos (Rúa da Berbetaña, Rúa e Praza de Sínghulis).

Outro amplo grupo recibe nomes de localidades do municipio (Rúas de Hío, Seixo), da provincia (Rúas e Avenidas de Vilaboa, Marín, Baiona, Gondomar, A Guarda, Redondela, Moaña, Vigo, Bueu) ou outras de Galicia -como O Ferrol-, non faltando o das catro provincias e as súas capitais (Avenida de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra). A única poboación de fora de Galicia que conta con unha rúa en Cangas é Buenos Aires, proba da grande vinculación e agarimo mostrado cara aos compatriotas emigrados e á terra que os acolleu.

Un feixe de rúas leva nomes de santos (Rúa de San Francisco, Santa Baia, San Xosé, Santiago) e outro de datas, símbolos e alegorías políticas postos en diferentes épocas (Avenida do 25 de Xullo, Rúa Real, Praza da Constitución, do Progreso, Rúa do Fomento).

Pero o grupo máis grande, unha terceira parte das nosas rúas, leva o nome de personaxes diversos, non podendo darnos nin sequera unha breve reseña biográfica, limitarémonos a situalos no tempo e na súa actividade.

Personaxes da historia canguesa foron os Heroes de 1617, todos aqueles que defenderon a Cangas da invasión turca, sarracena e berberisca naquela época. María Soliña, Elvira Martínez e Catalina de la Iglesia foron algunhas das vítimas da invasión, sufrindo trastornos psíquicos polo que, unido ás envexas dos que cobizaban os seus bens, foron torturadas e acusadas de meigas pola Inquisición. Diego Xelmírez foi o arcebispo compostelán que, no século XII, outorgou a Cangas as armas do seu escudo e o título de "Moi leal vila".

Destacados fillos de Cangas, todos eles do século XX, foron os filántropos Xosé Félix Soage, que dende a emigración arxentina fixo construír e doou a Praza de Abastos, Benigno Soage, que fundou e sostivo a primeira escola gratuíta para nenos en Cangas, e o párroco Valentín Losada. O periodista Manuel Graña, médico e defensor dos mariñeiros no século XIX. Euxenio Sequeiros o músico Ramón Tenreiro e o pintor Antonio Nores contan tamén con cada un súa rúa.

Figuras públicas, relacionadas directamente con Cangas ou non, foron os mariños Méndez Núñez, almirante pontevedrés do século XIX, Alfredo Saralegui, creador a primeiros


do século XX dos Pósitos de pescadores, Alvaro Guitián, que informou sobre a pesca á ardora en representación de Cangas e dos pescadores da ría de Vigo e de Aldán, Félix de Ozámiz, comandante da Mariña nos anos 1950 e que deixou no Morrazo un fondo recordo e aprecio. Políticos foron Eduardo Vincenti, que reclamou nas Cortes diversas melloras para Cangas, Montero Ríos, varias veces ministro no século XIX e XX, Pablo Iglesias, fundador do socialismo español, Alfonso Rodríguez Castelao, deputado galego na República, pintor e escritor mais sobre todo codificador político do galeguismo, aviadores como Ramón Franco, xefe de expedición aérea sobre o Atlántico en 1926, eruditos como Xosé Cornide de Saavedra, ilustrado do século XVIII e estudoso da problemática pesqueira, penalista coma a ferrolá Concepción Arenal que no século XIX loitou por mellorar a condición da muller e a dos traballadores e dignificar a vida das prisións. Neste grupo compre tamén incluír figuras como Colón, o descubridor de América, e Cervantes, o xenial autor do Quixote. A rúa de Antonio Garelli foi dedicada a este enxeñeiro que na época de Franco exerceu un posto na Administración de Madrid en espera de posibles melloras para Cangas que logo non se produciron.

Finalmente, a literatura galega ve tamén recollidos nas rúas os seus nomes principais, onde o trobeiro medieval Xoán Cangas, paisano noso, a Celso Emilio Ferreiro, pasando por Rosalía, Curros e Pondal.

---

**Publicado en “Festas do Cristo”. Cangas, 1981:**

**PLANO DE LA VILLA DE CANGAS DEL AÑO 1752-54**  
(Encontrado en el anexo al interrogatorio del Marqués de la Ensenada)



# CALLES DE CANGAS

1804	1880	1918	1930	1932	1938	1978	1980
	Romay Arco	Romay Arco Muelle	Romay Arco Muelle	Romay Arco Muelle	Romay Arco	A. Guitián A. Garely Arco	A. Guitián A. Garely Arco
	Berbetaña Buenos Aires	Berbetaña Buenos Aires Cervantes	Berbetaña	Berbetaña	Berbetaña Buenos Aires Cervantes	Berbetaña Buenos Aires Cervantes	Berbetaña Buenos Aires Cervantes
	Girado del Costal Piñeiro Laureiro Alamos	Derribo Fomento Laureles Alamos Palma Píos	Cervantes Derribo Fomento Laureles Alamos Palma Píos	Cervantes Derribo Fomento Laureles Alamos Palma Píos	Derribo Fomento Laureles Manuel Graña Palma Píos	Derribo Fomento Laureles Manuel Graña Palma Píos	Derribo Fomento Laureles Manuel Graña Palma Píos
	Píos	Plazuela del Arco Plaza Costal Plazuela del Progreso P. Singulis Rúa Faja	Plaza Costal	Plaza Costal	Plaza Arco Plaza Costal	Plaza Arco Plaza Costal Plaza Progreso	Plaza Arco Plaza Costal Plaza Costal
	Lagiñas Plaia Singulis	P. Singulis Rúa Faja	Plaza Sing. Rúa Faja	Plaza Sing. Rúa Faja	P. Singulis Rúa Faja Saralegui Singulis	Plaza Singulis Rufaja Saralegui Singulis	P. Singulis Ruafaja Saralegui Singulis
	Muelle Singulis Torre del Gallo Ribera del Costal C. de la Marina	Singulis Torre del Gallo Calle del Progreso Av. E. Sequeiros Arenal Colón	Singulis Torre del Gallo	Singulis T. del Gallo Vincenti	Torre del Gallo Vincenti Av. E. Sequeiros Avda. Capitán Galán Colón	Torre del Gallo Vincenti Av. E. Sequeiros Av. J. Antonio Colón	Torre del Gallo Vincenti Av. E. Sequeiros Daniel Castelao Colón
	Eirado Señal Hospital Lirio	Plazuela Fte. Nueva Hospital Lirio Luna Méndez Núñez Retama	Hospital Lirio Luna M. Núñez Retama	Hospital Lirio Luna M. Núñez Retama	F. del Gallo Fuente Nueva Hospital Lirio Luna Méndez Núñez Retama	Fuente del Gallo Fuente Nueva Hospital Lirio Luna Méndez Núñez Retama	Fuente del Gallo Fuente Nueva Hospital Lirio Luna Méndez Núñez Retama
	Retama Señal						
	Barreiros Santa Baya Sol	San Francisco Barreiros Santa Baya Sol	San Francisco Barreiros Santa Baya Sol	San Francisco Barreiros Santa Baya Sol	S. Francisco Santabaya Sol	Ruanueva San Francisco San José Santabaya Sol	San Francisco San José Sol
C. de la Cárcel	Gesteira Aurora	Gesteira Aurora Alfonso XII	13 de Septiembre Aurora Alfonso XII	14 Abril Benigno Soage Capitán García Hernández	T. San Francisco Valentín Losada B. Soage Calvo Sotelo Constitución	Trav. Marina Trav. San Francisco V. Losada B. Soage C. Sotelo Constitución	Trav. Marina T. San Francisco V. Losada B. Soage C. Sotelo Constitución

# CALLES DE CANGAS

1804	1880	1918	1930	1932	1938	1978	1980
Calle de la Carnicería	Fte. Ferreira Río Deja	Estrella Fuente Ferreira José Félix Soage Río Deja	Estrella J. F. Soage Río Deja	Alcalá Zamora Fuente Ferreira J. F. Soage Río Deja	Fuente Ferreira J. F. Soage Río Deja	Enseñanza Estrella Fte. Ferreira J. F. Soage Av. Moaña Av. Moaña 1.ª Trav. Av. Moaña 2.ª Trav. La Paz Nazaret Outeiro R. Franco Real Ruaciega R. de Hío Santiago	Enseñanza Estrella Fte. Ferreira J. F. Soage Av. Moaña Av. Moaña 1.ª Trav. Av. Moaña 2.ª Trav. La Paz Nazaret Outeiro R. Franco Real Ruaciega Pablo Iglesias Santiago
	Cuteiro Maratería Calzadal Ruaciega Rúa de Hío	Peñón Maratería Real Ruaciega Rúa de Hío Santiago Fte. Garrida	Peñón La Real Ruaciega Rúa Hío Santiago	Outeiro/Peñón República Ruaciega Rúa de Hío Santiago	Outeiro R. Franco Real Ruaciega R. de Hío Santiago	La Paz Nazaret Outeiro R. Franco Real Ruaciega Rúa de Hío Santiago C. Arenal Contrabía	La Paz Nazaret Outeiro R. Franco Real Ruaciega Santiago
	Retama del Costal Atrio					Santiago	
	Rúa Cuyer	Oriente				Oriente	Oriente

## LUGARES

## CALLES DE CANGAS EN 1752

Campo del Asno  
Campo del Asno Morto

Barreiros  
Juego de la Bola

Loureiros  
Rúa de Hío  
Outeiro  
Atrio  
Calzada  
Crucero de Singulis  
Calle del Señal  
Hospital  
Rúa Ciega  
Ribera  
Fuente Ferreira  
Travesía del Señal  
Rúa Nueva  
Peirao

Fuente del Gallo  
Rúa de Romay  
Calle de la Torre  
Piñeiro  
Calle del Arco  
Cuesta de Yegüas  
Atrio de la Iglesia  
Retrama  
Santa Baya  
Rúa de la Fiesta  
Rúa de la Faixa  
Rúa de los Píos  
Fuente Garrida  
Calle de la Cortaduría  
Calle del Río de Lavandeiras